



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A XESTIÓN DO *PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE AULAS CEMIT. CARA Á PLENA CAPACITACIÓN DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA 2022-2025.*

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar ca Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do Convenio ata o 31/12/2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte *Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos* que no seu artigo 9 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme o disposto no artigo 6.1, letra b) dos seus Estatutos.





A achega económica da Amtega ao abeiro do convenio que se pretende formalizar ten un carácter de interese público, e contribuirá a xestionar a subvención concedida ás entidades locais que teñan aulas de referencia co fin de desenvolver actuacións en materia de inclusión e talento dixital que se realicen nas aulas que integran a Rede CeMIT durante a vixencia do Convenio.

É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

José Luis Somoza Digón

